




# FERVENZA DE CIOYO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 2 a 3 km  
**Dificultade:** alta  
**Duración:** 1,5 a 2 horas



Unha fermosa fervenza nas cabeceiras do río Porcía, en terreos do concello de Castropol.


## PERCORRIDO

Un carreiro de 1 quilómetro escaso lévanos desde a zona de aparcamento, ao pé da estrada, á fervenza pola que o río Porcía, obrigado por unha parede rochosa a facer unha revolta con varias pozas e pequenos saltos entre elas, se descolga máis de vinte metros no Cioyo.

O carreiro acondicionado ten unha primeira parte cómoda e unha segunda metade de risco: de forte pendente, estragada pola cantidade de xente que o transita, e moi esbaradía con humidade, pola que non sería posible circular se non contase coa corda que moi axeitadamente está disposta ao longo desta parte do percorrido. Pero o esforzo paga a pena a fervenza é fermosa e a poza que ten ao seu pé un lugar moi axeitado para un baño reparador.

A pesar de pertencer ao concello de Castropol atópase nun punto alonxado do territorio, a máis de 25 km da vila. Para chegar alí hai que facer un longo percorrido ata Penzol, unha localidade do concello da Veiga (Vegadeo) que se atopa nas proximidades da fervenza.

Se nos achegamos as pozas da parte alta podemos ocupar entre



Carreiro de acceso á fervenza

